

REUNIÓN EXTRAORDINARIA DO COMITÉ DE EMPRESA COA XERENCIA

Acta do 16 de febreiro do 2011

Asisten:

Xerenta: Grela Barreiro, M^a Jesús
Presidente: Portela Fernández, Xosé Manuel (CUT)
Secretario: Muñiz Seijas, Juan Carlos (CUT)
Vicesecretario: Boado Sexto, José Antonio (CUT).
Puente Varela, Jesús Florentino (CUT)
Suárez Sánchez, José Manuel (CUT)
Rodríguez Barba, Ana María (CUT)
Rey Souto, María Teresa (UGT)
Ríos Barbeito, Manuel (UGT)
Cordal Fustes, Jorge (CIG)
Pena Pérez, Enrique José (CIG)
Monteserín Macías, Pedro Manuel (USO)
Romero Beade, Manuel (USO)
López Domínguez, Javier (CCOO)
Otero Canabal, Jorge (CCOO)
Bouzas Gómez, José Antonio (CUT)

Non asisten:

Vicepresidente: Ledo Pernas, Félix (CUT)
Cardelle Barreiro, Eduardo (CIG)

Orde do día:

- **Punto 1º.** Situación das reclamacións á Xerencia.
- **Punto 2º.** Mini-concurso de traslados.
- **Punto 3º.** Tribunais.

- Rogos e preguntas.

Comezo da reunión ás 10,10.

Infórmase do envío á Xerencia das apreciacións sobre a praza de microscopía que se xunta á presente acta. (Escrito do 15 de febreiro do 2011).

A reunión contou coa participación da Xerente, despois de solicitar con antelación a súa presenza.

A presenza da Xerencia fixo, na práctica, que a reunión xirase entorno á súa presenza e intervención.

A reunión resúmese no comunicado que se achega como anexo I.

Sen máis incidencias finaliza a reunión ás 13,15 horas.

Anexo I: Comunicado do Comité de Empresa 17 de febreiro do 2011-02-11

Despois de solicitarlle en varias ocasións, tanto a remisión da RPT como a axilidade coas convocatorias, a Xerencia notificounos o seu desexo de reunirse co Comité.

A reunión realizouse o día 16/02/2011 e nela tratamos os temas seguintes:

RPT:

Estase a traballar cunha masa salarial que está aprobada de xeito provisional.

A Universidade remitiu á Xunta, para a súa aprobación, o Plan de Sustentabilidade, do que aínda non recibiu resposta, polo tanto non sabe que RPT pode remitir ao Comité. O que si ten claro, como xa dixo en ocasións anteriores, é que esta será máis reducida que a proposta levada ás asembleas.

Asegura, tamén, que esta proposta incluírá, a execución da Transitoria II, non quere explicitar claramente como se contemplará.

ACCIÓN SOCIAL:

A Xerencia notifica ao Comité a decisión da Universidade de trasladar as partidas destinadas ao exercicio da acción social ao Capítulo I. Xustifica esta acción no aforro (uns 600.000€) derivado de retirar a matrícula gratuíta ao colectivo de persoal da Consellaría de Educación e, por coherencia e en concordancia co resto das Universidades Públicas Galegas realiza o cambio de partida orzamentaria de todo o resto da acción social. A matrícula gratuíta, o intercambio, a gardería..., pasarán a ser consideradas como "pago en especie", de todos os xeitos a Universidade farase cargo do ingreso a conta.

CONVOCATORIAS:

É consciente de que se vai moi lento neste capítulo. Sabe que hai convocatorias elaboradas pero sen enviar e outras que están a piques de se rematar para seren remitidas ao DOG e BOE.

Adquire o compromiso de acelerar os procesos e de que, a finais da semana vindeira, remitirá ao Comité unha listaxe na que explicitará en que fase se atopan as convocatorias.

FORMACIÓN:

A Xerencia chega á conclusión de que os cursos de formación específica son un fracaso, tanto na asistencia de persoal como na programación, neste sentido adianta que a Xunta de Persoal Funcionario chegou ao acordo de que sería a última convocatoria que se realizaría.

O Comité de Empresa, négase a tomar unha decisión drástica neste eido, aínda que se compromete a realizar unha reflexión ao respecto.

CONCURSO DE TRASLADOS DE PERSOAL DE CONSERXERÍA:

Como sabedes, desde o último concurso de traslados, producíronse xubilacións e, por desgraza, defuncións de compañeiros e compañeiras, todos/as na área de conserxería. Faise imprescindible que, para se cubrir estes postos de traballo, antes de que se produza o nomeamento de novos compañeiros froito dos procesos de oposicións, se realice o preceptivo concurso de traslados.

A Xerenta informa que xa se remitiu para a súa publicación no DOG o dito concurso.

O Comité acorda, nesta sesión, a convocatoria de asembleas de traballadores e traballadoras. Para a elaboración de calendario e orde do día reunirse o vindeiro luns día 21.